



XUNTA DE GALICIA



ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA (AMTEGA) PARA O FINANCIAMENTO DUNHA APLICACIÓN INFORMÁTICA PARA A XESTIÓN INTEGRAL DE AXUDAS TRAMITADAS POLA DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO NATURAL



En Santiago de Compostela a 25 de xaneiro de 2018

Santiago, 26 FEB. 2018

Asdo.: Manuel Araujo Moreda

REUNIDOS

Dunha parte, **Dona Beatriz Mato Otero**, Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia, en nome e representación da mesma, no exercicio do seu cargo e en función das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta de Galicia e da súa Presidencia, e de conformidade co disposto no Decreto 148/2016, do 13 de novembro polo que se nomean aos titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, o Decreto 177/2016, do 15 de decembro polo que se fixa a estrutura orgánica de Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, así como no Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

Doutra parte, **María del Mar Pereira Álvarez**, directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (en diante Amtega), actuando en nome e representación da dita Axencia, en virtude das facultades conferidas polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos e o Decreto 91/2012, do 16 de marzo, polo que se nomea directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

As partes recoñécense mutuamente capacidade e representación suficientes para formalizar o presente acordo de colaboración, e na súa virtude

EXPOÑEN

Primeiro.-Que, segundo o artigo 6 do Estatuto da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia aprobado polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro, a Amtega ten entre as súas competencias, a dirección e xestión de todas as actuacións da Xunta en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións e o deseño e liderado de iniciativas que contribúan a impulsar o desenvolvemento da sociedade da información en Galicia, garantindo os dereitos dos cidadáns e eliminando as barreiras que se opoñan á expansión e ao uso das novas tecnoloxías.

Segundo.- Que a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, segundo o artigo 1 do Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura





orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de conservación, protección, uso sustentable, mellora e restauración do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia e dos seus elementos etnográficos, e a súa preservación para as xeracións futuras. En particular exercerá as seguintes funcións:

o fomento de medidas de desenvolvemento socioeconómico dos espazos naturais protexidos, a divulgación dos valores do patrimonio natural, a xestión dos hábitats naturais, da flora e fauna silvestres, das paisaxes naturais e dos elementos senlleiros da xeografía da Comunidade Autónoma galega, o desenvolvemento e dinamización do uso público e recreativo do medio natural, a promoción da defensa integral da natureza e dos elementos que a compoñen, e a conservación específica dos espazos que compoñen a Rede galega de espazos protexidos e da Rede Natura 2000 de Galicia ou doutras zonas de alto valor ambiental. As anteriores funcións as realiza, nomeadamente, a Dirección Xeral de Patrimonio Natural.

Para o correcto desenvolvemento das competencias e funcións anteriores, a Dirección Xeral de Patrimonio Natural precisa desenvolver novos sistemas de información. Concretamente, necesita o desenvolvemento dunha ferramenta específica para a xestión integral das liñas de subvencións tramitadas por esa dirección xeral.

Terceiro.-A Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, establece no seu artigo 14 que a Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades do sector público, ou estas entre elas, poderán formalizar acordos de colaboración ou cooperación para o servizo aos intereses xerais mediante o desempeño conxunto de tarefas de interese público da súa competencia.

A colaboración ou cooperación consistirá na participación conxunta e efectiva no desenvolvemento da actividade común, mediante achegas de traballos de organización, medios persoais e materiais ou recursos financeiros para a finalidade compartida, de acordo coas respectivas competencias, e será sempre diferente das estruturas contractuais onerosas reguladas na lexislación de contratos do sector público.

Por outra banda, o Consello da Xunta, na súa xuntanza do 1 de agosto de 2014, acordou aprobar "as instrucións para o establecemento dun modelo de sustentabilidade para a dixitalización dos servizos públicos".

Tendo en conta o anterior e seguindo o modelo de sustentabilidade para a dixitalización dos servizos públicos, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e Amtega manifestan a súa vontade de colaboración de acadar unha finalidade común coa converxencia de intereses mutuos baseada na consecución ou redundancia do interese xeral e utilidade pública e con tal finalidade acordan a sinatura deste acordo con suxeición ás seguintes cláusulas.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO
DILIXENCIA - Para facer constar que a presente
fotocopia é reprodución fiel e exacta do seu orixinal.

Santiago, 26 FEB. 2018

Asdo.: Manuel Aradijo Moreda





CLÁUSULAS

Primeira.-Obxecto

O obxecto deste acordo é establecer as pautas que se seguirán na colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e a Amtega para o financiamento e sustentabilidade dunha aplicación para a xestión integral das axudas que tramita a Dirección Xeral de Patrimonio Natural.

Segunda.- Obrigas das partes

Amtega comprométese á Elaboración da aplicación informática para a xestión integral das axudas tramitadas pola Dirección Xeral de Patrimonio Natural.

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio comprométese a financiar a aplicación informática para a xestión integral das axudas tramitadas pola Dirección Xeral de Patrimonio Natural de acordo coa cláusula terceira.

Terceira.- Financiamento

O importe da achega da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para a execución do proxecto mencionado na cláusula primeira ascenderá a un máximo de cento vinte cinco mil euros (125.000,00 €), IVE incluído, e será financiado con cargo aos orzamentos da Dirección Xeral de Patrimonio Natural para os anos 2018 e 2019, segundo a seguinte distribución:

-Orzamento anualidade 2018: 90.000 euros

-Orzamento anualidade 2019: 35.000 euros

Para o financiamento do presente acordo, a Dirección Xeral de Patrimonio Natural reterá o crédito correspondente aos anos 2018 e 2019 para a súa posterior baixa e transferencia á Amtega. A aplicación orzamentaria suxeita aos compromisos anteriores é a **07.03.541B.626.0, código de proxecto 201600063** dos orzamentos desta dirección xeral.

Posteriormente á formalización do presente acordo, e retido o crédito correspondente por parte da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, a Amtega, remitirá á Dirección Xeral de Planificación e de Orzamentos da Consellería de Facenda este acordo xunto coa documentación pertinente, para que no exercicio presupuestario 2018 se leve a cabo a modificación orzamentaria correspondente na aplicación 04.10.571A.732.00 da Secretaría Xeral da Presidencia, coa correlativa ampliación de crédito na aplicación 04.A1.571A.626.0, código de proxecto 2013-00001, dos orzamentos da Amtega para a anualidade 2018.

O mesmo procedemento seguerase para a a anualidade correspondente ao ano 2019.





Cuarta.- Actuacións a desenvolver

Ao abeiro do presente acordo, pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, desenvolveranse as seguintes actuacións:

- 1) Desenvolver un novo sistema integral de xestión da información para o seguinte proxecto (mais información no ANEXO I):
 - a. Orde de axudas para investimentos non produtivos vinculados á realización de obxectivos agroambientais e climáticos no ámbito dos concellos da Rede Natura 2000
 - b. Orde de axudas para investimentos non produtivos vinculados á realización de obxectivos agroambientais e climáticos no ámbito dos Parques Naturais de Galicia
- 2) A tramitación administrativa e adxudicación do contrato ou contratos que teñan lugar para a realización do obxecto anteriormente definido, de ser o caso. Para isto, a Amtega, como órgano de contratación, iniciará e aprobará os correspondentes expedientes de contratación. Asemade, correspóndelle o seguimento e a dirección das actuacións obxecto do contrato.

Calquera outra que, sendo complementaria das anteriores, acorden a Dirección Xeral de Patrimonio Natural e a Amtega, sempre que o seu custo estimado non supere o importe da achega máxima da Consellería recollido na cláusula segunda.

Quinta.- Previsións de desenvolvemento.

Sen prexuízo do previsto na cláusula anterior, a colaboración derivada deste acordo poderá ser obxecto do desenvolvemento ulterior e concreción que sexa preciso, a través dos instrumentos ou das actuacións que se estimen necesarias para a súa consecución, de conformidade coa normativa vixente.

Sexta.- Propiedade intelectual


A titularidade do produto ou resultado obtido coa execución das actividades obxecto do presente acordo, será da Amtega.

Sétima.- Vixencia

Este acordo de colaboración producirá os seus efectos a partir da data da súa sinatura e a súa vixencia estenderase ata o momento que cese o desenvolvemento nel previsto; e en todo caso como data máxima ata o 31 de decembro de 2019.

Non obstante, poderá prorrogarse se as partes así o consideran de mutuo acordo para o cumprimento íntegro dos termos do acordo de colaboración.

A prórroga materializarase mediante a subscripción dunha addenda ao acordo de colaboración, con antelación á finalización da súa vixencia.





En todo caso, este acordo de colaboración quedará condicionado á tramitación e autorización da modificación de crédito indicada na súa cláusula terceira.

Oitava.- Modificación do acordo

No caso de que se acorden actuacións que non sexan complementarias das incluídas na cláusula cuarta, será suficiente unha addenda a este acordo que engada ditas actuacións á presente cláusula.

Novena.- Causas de extinción

Este acordo de colaboración extinguirase por mutuo acordo das partes, polo incumprimento reiterado por calquera das partes das obrigas adquiridas, ou por cambios na normativa que motivou a subscripción do mesmo.

Décima.- Tramitación do expediente de gasto

O presente acordo de colaboración tramitase de acordo co establecido na Orde do 11 de febreiro de 1998 pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2018.

Décimo primeira.- Publicidade

A sinatura do presente acordo suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no acordo de colaboración, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG núm.149 do 3 de agosto).

Décimo segunda.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do presente acordo de colaboración establecerase unha comisión mixta na que participará un representante por cada unha das partes.

A dita comisión actuará como mecanismo conxunto de plena efectividade e reunirse a petición dunha das partes. En caso de discrepancia, e en última instancia, resolverán os órganos xurisdiccionais competentes.

Esta Comisión Mixta desenvolverá os obxectivos que xustifican o asinamento deste acordo de colaboración, cumprindo de modo específico as seguintes funcións:

- a) Interpretar e aplicar, con carácter xeral, as estipulacións deste acordo, así como controlar o seu cumprimento e resolver os conflitos entre as partes.
- b) Propoñer addendas ou modificacións a este acordo para que sexan aprobados polos órganos competentes.
- c) Seguimento das actividades contempladas no presente acordo.

A Comisión Mixta de seguimento reunirse na periodicidade que se estime necesario convocar.



Santiago, 26 FEB. 2018

Asdo.: Manuel Araújo Moreda



Décimo terceira.- Réxime xurídico e resolución de conflitos

Este acordo de colaboración ten natureza administrativa e, para a resolución das discrepancias que se poidan producir, será de aplicación o artigo 13 da Lei 16/2010, de 18 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia sen prexuízo do disposto na cláusula anterior (comisión de seguimento).

As discrepancias que poidan producir resolveranse nos termos previstos no artigo 13 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, para os conflitos de atribucións.

E en proba de conformidade co exposto, asinan este acordo por triplicado exemplar no lugar e data sinalados na cabeceira.

Pola Consellería de Medio Ambiente e
Ordenación do Territorio



Beatriz Mato Otero

Pola Axencia para a Modernización
Tecnolóxica de Galicia



María del Mar Pereira Álvarez

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO
DILIXENCIA.- Para facer constar que a presente
fotocopia é reprodución fiel e exacta do seu orixinal

Santiago, 26 FEB. 2018

Asdo.: Manuel Araújo Moreda



ANEXO I: APLICACIÓNS

a.- Aplicación para a xestión integral das axudas para investimentos non produtivos vinculados á realización de obxectivos agroambientais e climáticos no ámbito na Rede Natura 2000

A aplicación deberá integrar toda a xestión que conleva a dita orde e prever todos os pasos da tramitación, dende a presentación da solicitudes polos interesados ata a resolución da orde de axudas polo órgano correspondente. Igualmente deberá xestionar os pagos que procedan, a petición de fondos ao FOGGA e debe integrar asemade, a xestión posterior á finalización da actuación subvencionada e do pago, como é a derivada das posibles incidencias (recursos, perdas de dereitos de cobro, reintegros) así como os necesarios controis posteriores. A aplicación deberá xerar toda a documentación necesaria en cada unha das fases así como os informes en relación a cada unha delas en base aos parámetros que se determinen. Así mesmo a aplicación debe poder interactuar con outras aplicacións existentes na xestión ordinaria da Dirección Xeral de Patrimonio Natural como o Xumco, Sicop, e outras plataformas como @notifica, portasinaturas, etc.

b.- Aplicación para a xestión integral das axudas para investimentos non produtivos vinculados á realización de obxectivos agroambientais e climáticos no ámbito dos parques naturais de Galicia

A aplicación deberá integrar toda a xestión que conleva a dita orde e prever todos os pasos da tramitación, dende a presentación da solicitudes polos interesados ata a resolución da orde de axudas polo órgano correspondente. Igualmente deberá xestionar os pagos que procedan, a petición de fondos ao FOGGA e debe integrar asemade, a xestión posterior á finalización da actuación subvencionada e do pago, como é a derivada das posibles incidencias (recursos, perdas de dereitos de cobro, reintegros) así como os necesarios controis posteriores. A aplicación deberá xerar toda a documentación necesaria en cada unha das fases así como os informes en relación a cada unha delas en base aos parámetros que se determinen. Así mesmo a aplicación debe poder interactuar con outras aplicacións existentes na xestión ordinaria da Dirección Xeral de Patrimonio Natural como o Xumco, Sicop, e outras plataformas como @notifica, portafirmas, etc.

